



Trastorno específico da linguaxe

Guía para a intervención no ámbito educativo

Atelga

Asociación **TEL** Galicia



Colegio Profesional de Logopedas de Galicia



*Trastorno específico
da linguaxe*

*Guía para a intervención
no ámbito educativo*

Atelga

Asociación **TEL** Galicia



Colegio Profesional
de Logopedas de Galicia

Elaboración de contidos
Mónica Vilameá Pérez

Deseño e maquetación
María Pereiró

Edita
ASOCIACIÓN TEL GALICIA, 2014
atelga@atelga.es
www.atelga.es



Este documento distribúese baixo
licenza Creative Commons



★ Prólogo	2
★ Introducción	4
★ Que é o TEL?	6
Características	6
Afecta só á linguaxe oral?	8
★ Características do alumnado con TEL	9
Segundo ciclo de educación infantil	10
Primeiros cursos de educación primaria	12
Cursos medios e finais de educación primaria	15
★ Pautas para a estimulación do alumnado con TEL	18
Segundo ciclo de educación infantil	19
Primeiros cursos de educación primaria	23
Cursos medios e finais de educación primaria	27
Medidas extraordinarias de atención á diversidade	31
★ Fontes bibliográficas	34

A mellor forma de axudar o alumnado con TEL é implicando ao seu profesorado na intervención.

Esa función non debera corresponder unicamente ás familias, senón tamén aos equipos directivos dos centros, que deben propiciar o cambio dun modelo educativo baseado na integración do alumnado con diversidade funcional a un baseado nos principios da educación inclusiva. Está comprobado que os centros que máis avanzaron neste terreo son os que teñen menos problemas relacionados coa atención á diversidade.

O maior problema co que nos encontramos as familias é que os nosos fillos non adoitan recibir na aula unha atención axustada ás súas dificultades. Os seus titores poden estar moi implicados, pero normalmente non van dispoñer do tempo, o apoio ou a preparación requiridos para unha axeitada intervención en alumnado con TEL.

Esta guía xorde nunha reunión de familiares de Atelga, cun dobre propósito:

Por unha banda, preténdese facilitar aos profesionais educativos a identificación do alumnado con posibilidade de padecer un trastorno da linguaxe.

Pola outra, proporciónanse estratexias para traballar co alumnado con TEL no contexto natural da aula ordinaria. Son pautas de actuación que se poden poñer en práctica realizando pequenas modificacións no programa diario da aula, na súa organización, na linguaxe utilizada para dirixirse aos nenos, nos libros de texto, etc, sen que supoñan desatención aos demais alumnos ou un esforzo inasumible por parte do profesorado.

As familias que formamos Atelga queremos darlle as grazas a Mónica Vilameá Pérez pola elaboración dos contidos desta guía, e a Belén Vidal Porto pola súa colaboración. E agradecerlles ás dúas a súa continua dedicación aos nenos e nenas con TEL.

Tamén queremos agradecer ao Colexio Profesional de Logopedas de Galicia a extraordinaria acollida que brindaron a este proxecto.

*Eliás Vázquez Iglesias
Presidente de Atelga*

Esta guía de intervención educativa en Trastorno Específico da Linguaxe foi elaborada por logopedas profesionais en colaboración cos verdadeiros coñecedores do trastorno, os pais e as nais das persoas afectadas.

O TEL é un trastorno de elevada prevalencia entre a poboación infantil. A súa abordaxe debe ser realizada por equipos multidisciplinares nos ámbitos sanitario, social e educativo.

O logopeda que intervéen necesita unha formación específica en TEL e debe ser moi meticoloso na planificación dos tratamentos.

O Colexio Profesional de Logopedas de Galicia valora enormemente o labor de Atelga e a atención que lles presta ás persoas con TEL e ás súas familias, así como a iniciativa de publicar manuais coma este, que esperamos que sirva de axuda tanto a educadores como a terapeutas e familiares implicados na intervención.

*Ana Isabel Vázquez Lojo
Presidenta do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia*



Os nenos e as nenas con TEL teñen graves problemas para expresarse a través da linguaxe oral. Normalmente tamén lles custa comprender o que outros lles din.

Pero aínda que no TEL a afectación principal está na linguaxe oral, adoita haber outras áreas de desenvolvemento problemáticas. O alumnado con TEL pode ter problemas coa lectura e a escritura, co cálculo matemático, moitos problemas de atención, certo grao de hiperactividade, comportamentos disruptivos, problemas para a comunicación social, comportamentos negativistas e desafiante, ten maior risco de padecer problemas emocionais na adolescencia, grandes dificultades para as relacións sociais, é branco fácil do acoso escolar, etc.

Polo tanto, o TEL non é un trastorno tan específico da linguaxe coma o seu nome puidera facer pensar. Tampouco é un simple atraso da linguaxe ao que haxa que dar tempo. Nin é un problema de pronunciación. Nin unha cuestión de inmadurez ou de educación. O TEL é un trastorno grave que vai acompañar o alumnado afectado ao longo de toda a súa traxectoria escolar.



Introducción

No apartado 1 da guía caracterízase o TEL en base a unha serie de atributos representativos do trastorno. Trátase de que o profesional educativo entenda en poucas palabras que é o TEL. Insítese na idea de que a linguaxe oral é a afectación principal ou primaria, pero normalmente hai outros problemas que poden ser debidos á afectación na linguaxe ou non.

No apartado 2 da guía descríbense as características do alumnado con TEL. Preténdese que os profesionais poidan recoñecer algunha das características descritas nos seus alumnos sospeitosos de padecer un problema de linguaxe. Se é así, debéra acenderse unha luz de alarma que conduza a unha valoración do alumno polos departamentos de orientación.

Polo carácter evolutivo do TEL, agrupáronse as características segundo as distintas etapas educativas. A guía só inclúe as de educación infantil e primaria, malia que o propósito é ampliála segundo teñamos información do alumnado con TEL nas etapas de educación secundaria ou mesmo nos estudos universitarios.

Por último, no apartado 3 da guía proporciónanse diferentes estratexias para utilizar co alumnado con TEL no contexto natural da aula ordinaria. Son pautas que se engloban dentro das chamadas 'medidas ordinarias de atención á diversidade', que facilitan a adecuación do currículo prescritivo ás necesidades dos alumnos, sen que supoñan unha alteración significativa dos seus obxectivos, contidos ou criterios de avaliación. Nalgúns casos será preciso recorrer a medidas extraordinarias, tamén comentadas no punto final da guía.

1.

Que é o TEL?

1.1

Características.

O TEL é un trastorno que afecta principalmente á adquisición e desenvolvemento da linguaxe oral, e que se pode caracterizar polos dez seguintes atributos:

Específico

Cualifícase como específico da linguaxe porque non hai evidencia dun déficit intelectual, trastorno emocional, lesión neurolóxica, déficit sensorial ou un problema motor ou sociofamiliar que poida servir para explicar as dificultades da linguaxe das persoas afectadas.

Grave

Non é un simple atraso na adquisición da linguaxe. Os nenos con TEL adquiren tarde, pero o seu desenvolvemento segue logo un patrón distinto do habitual, que complica o seu prognóstico e tratamento.

Persistente

É un trastorno duradeiro que afecta á adquisición da linguaxe dende os seus inicios, prolóngase durante a infancia e a adolescencia, podendo deixar secuelas significativas na idade adulta. Expresións do tipo 'xa falará' só serven para demorar o inicio das terapias.

Heteroxéneo

As características do TEL poden variar moito dun neno a outro. Pode afectar a un, a varios ou a todos os compoñentes da linguaxe (fonoloxía, morfosintaxe, semántica e/ou pragmática) e facelo ademais con distintos graos de severidade. Pode estar só afectada a expresión, pero o normal é que o estea tamén a comprensión.

Dinámico

O perfil de dificultades e habilidades das persoas afectadas evoluciona co tempo. Adoitan superarse uns problemas e aparecer outros novos a medida que os nenos avanza nos seus ámbitos sociais e escolares, polo que é necesario avaliar continuamente os seus problemas e axustar as axudas que reciben ás súas necesidades concretas de cada momento.

Complexo

No TEL o problema principal ou 'primario' está na linguaxe oral, pero a maioría dos afectados presenta problemas en máis áreas do desenvolvemento. Os nenos con TEL teñen máis probabilidade de ter problemas sociais, emocionais ou de conduta, e grandes problemas para a adquisición das aprendizaxes.

Frecuente

Os estudos ofrecen datos de prevalencia para o TEL que oscilan entre o dous e o sete por cento da poboación escolar, en función dunha aplicación máis ou menos restritiva dos criterios de inclusión diagnóstica. Malia a súa elevada prevalencia é un trastorno moi descoñecido, mesmo nos ámbitos sanitario e educativo, polo que os diagnósticos son inferiores aos casos reais.

Invisible

As persoas con TEL poden falar, polo que os seus problemas non sempre van resultar evidentes. O TEL provoca unha discapacidade que adoita ser recoñecida pola Administración, polo que o alumnado con TEL forma parte do colectivo de alumnos con necesidades educativas especiais (NEE).

De evolución lenta

É un trastorno que evoluciona favorablemente, pero require tempo e traballo. É fundamental unha terapia logopédica precoz, intensiva e de longa duración, con total implicación da familia e da escola. Acadar a normalidade social na idade adulta vai depender da gravidade do trastorno, da axuda recibida e da intelixencia dos nenos.

Xenético

O TEL é un trastorno do neurodesenvolvemento que se transmite xeneticamente. Diferentes estudos apuntan cara unha maior probabilidade de desenvolver TEL en nenos con antecedentes familiares de trastornos da linguaxe.

1.2

*Afecta só á linguaxe oral?
Comorbilidade.*

O termo “específico” enténdese tamén no sentido de que no TEL a única afectación está na adquisición e desenvolvemento da linguaxe oral, o que non adoita ser certo. De feito, na última versión do Manual diagnóstico e estatístico dos trastornos mentais da Asociación Americana de Psiquiatría (DSM-5), o TEL perde o cualificativo de específico.

As persoas con TEL adoitan presentar problemas engadidos aos da linguaxe oral. Eses problemas poden ser secundarios á súa afectación principal na linguaxe, ou poden deberse á presenza de trastornos comórbidos, como poden ser os da aprendizaxe (dislexia, disgrafía, disortografía e discalculia) ou o TDA/TDAH.

Alguns problemas do alumnado con TEL non específicos da linguaxe oral:

- ★ Os nenos con TEL, especialmente aqueles que presentan maior afectación fonolóxica, teñen moitas dificultades para a adquisición da lectura e a escritura, o que lles dificulta enormemente a adquisición das demais aprendizaxes.
- ★ Teñen tamén moitas dificultades atencionais, especialmente en actividades con gran carga verbal. Esas dificultades poden ser secundarias do seu problema principal de comprensión da linguaxe, ou poden deberse a un TDA/H en comorbilidade.
- ★ Adoitan ter dificultades matemáticas que poden deberse á súa incapacidade para entender os enunciados dos problemas, que a veces converten un simple problema matemático nun exercicio de comprensión lectora.
- ★ Poden aparecer comportamentos disruptivos. En idades temperás son frecuentes as rabechas, debidas normalmente á frustración que lles xera non poder comunicarse eficazmente. Máis adiante poden aparecer comportamentos negativistas e desobediencia.
- ★ Os alumnos con TEL teñen graves problemas de relación social. Polas súas limitacións na linguaxe establecen menos contactos cos seus compañeiros e obteñen menos satisfacción cando o fan, o que entorpece o seu desenvolvemento social, tanto na aula como nas interaccións libres que se dan no patio ou noutras contornas (comedor, actividades extraescolares, etc.).

2.1

Características do alumnado con TEL no segundo ciclo da etapa de educación infantil (de 3 a 5 anos):

Ao empezar o segundo ciclo da etapa de educación infantil estaremos ante un neno/a con ausencia o cun acusado atraso no desenvolvemento da linguaxe. Podemos atopar alumnos sen linguaxe (sen aparición das primeiras palabras ou cun escaso nivel de léxico expresivo) ou alumnos que combinan palabras dentro de estruturas sintácticas inmaduras para a súa idade. En calquera caso haberá unha historia evolutiva de atraso na aparición das primeiras palabras.

Dificultades da linguaxe:

A nivel fonolóxico:

- » Presentan erros de simplificación fonolóxica propios de nenos máis pequenos. O alumno pode repetir as sílabas dunha palabra pero non a palabra completa. Por exemplo, pode articular a palabra "casa" como "casa" a pesar de que pode repetir "ca" e "sa" de forma illada.
- » Dificultades para repetir correctamente palabras novas.
- » Presentan maior dificultade para a articulación de palabras longas.
- » Fala inintexible.

A nivel semántico:

- » Léxico: o seu vocabulario é moi pobre e rara vez o usan para referirse a accións. A adquisición de novo vocabulario é lenta.
- » Dificultade para recuperar palabras coñecidas polo que podemos observar.
 - » Emprego de palabras xenéricas, por exemplo "a cousa".
 - » Uso esaxerado da deíxe "isto", "iso", "aquí", en lugar das palabras concretas para referirse ao que quere.
- » Dificultades de comprensión da linguaxe que fan que non cumpran ordes (por non comprendelas) ou que non respondan a preguntas habituais.



A nivel morfosintáctico:

- » As súas estruturas sintácticas son simples, con combinacións de dúas ou tres palabras.
- » A súa morfoloxía é moi primaria, con escasa variedade de flexións verbais.
- » Dificultade co uso e comprensión de pronomes persoais e posesivos.

A nivel pragmático:

- » Predominio de xestos e condutas non verbais para manter a interacción e para compensar as súas dificultades expresivas.
- » Usan a linguaxe para funcións pragmáticas moi básicas como pedir "dame iso" ou amosar algo "mira isto".
- » O seu contacto ocular pode estar pobremente modulado na interacción.
- » Presentan baixo nivel de atención auditiva (escoita), que fai sospeitar a existencia de problemas de audición ou de TEA.

Dificultades sociais:

- ★ Canta maior afectación comprensiva da linguaxe exista, maior illamento social presentárase, e mesmo problemas de conduta.
- ★ Os nenos con TEL inician menos interaccións cos iguais (máis con adultos) e son máis ignorados como receptores das iniciacións doutros.
- ★ Dificultade no desenvolvemento do xogo:
 - » Limitado rexistro de xogo funcional e simbólico.
 - » Nalgúns casos, tendencia ao xogo en solitario. É habitual velos sós nos recreos, o que esixe un labor de integración por parte dos educadores.
 - » Maior presenza de xogo en paralelo, mesmo ao final da etapa de educación infantil.
 - » Polos seus problemas para a comprensión da linguaxe teñen moitas dificultades para seguir xogos con normas.

Dificultades de aprendizaxe:

- ★ As súas dificultades léxicas e semánticas adoitan conlevar:
 - » Moita dificultade para seguir instrucións e aprender as rutinas da aula.
 - » Escasa habilidade para lembrar secuencias e series de cousas (días da semana, series numéricas...)
 - » Dificultade coas rimas, para aprender cancións, seguir ritmos, etc.
 - » Inmadurez no coñecemento das partes do seu corpo e confusión na súa localización.
 - » As nocións espaciais e temporais están alteradas incluso ao final desta etapa:
 - » Confusión da dereita coa esquerda.
 - » Non se orientan no tempo, non teñen unha noción clara dos días da semana ou de conceptos coma onte, hoxe e mañá.
 - » Teñen dificultade para comprender termos como "*despois*" ou "*antes*".
 - » Dificultade na integración do concepto de cantidade.

- ★ As súas dificultades fonolóxicas e da linguaxe poden conlevar ao remate deste período un atraso na aprendizaxe da lectoescritura:
 - » Escritura en espello de letras e números.
 - » Dificultades no coñecemento das letras.
 - » Dificultade para recoñecer e ler graffías.
 - » Dificultades de segmentación de palabras en sílabas.
 - » Dificultade para recoñecer palabras de uso habitual na aula, coma o nome dos compañeiros ou os días da semana.

Outras dificultades:

- ★ Falta de atención e aumento da actividade e impulsividade, tendo como causa na maior parte dos casos as súas dificultades de comprensión da linguaxe.
- ★ Torpeza ao correr, saltar e brincar.
- ★ Dificultade no equilibrio estático e dinámico.
- ★ Inmadurez a nivel de motricidade fina.
- ★ Dificultade para abotoar e subir unha cremalleira.
- ★ Falta de control e manexo do lapis e das tesoiras.
- ★ Alternancia de días e/ou momentos bos e malos, sen causa aparente.
- ★ Pobreza no debuxo da figura humana.
- ★ Malestar ou rexeitamento a tarefas escolares.
- ★ Inmadurez.

2.2

Características do alumnado con TEL nos primeiros cursos de educación primaria (6-7 anos):

Ao final da etapa de educación infantil e nos primeiros cursos da de educación primaria o alumnado con TEL adoita presentar algunha das seguintes dificultades:

Dificultades da linguaxe:

A nivel fonolóxico:

- » Algúns alumnos aínda presentan serias dificultades fonolóxicas, pero outros xa melloraron moito a este nivel.
- » Persiste a dificultade para articular palabras novas e longas.
- » Dificultade de discriminación fonolóxica.
- » Dificultade de conciencia fonolóxica (segmentar sons, contar palabras dunha frase, substituír sons nas palabras de forma oral)

A nivel semántico:

- » Baixo nivel de vocabulario con respecto aos seus compañeiros.
- » Dificultade para a aprendizaxe de novos conceptos.
- » Persiste a dificultade para recuperar palabras coñecidas, atopándonos con:
 - » Circunloquios, como dicir "iso que voa" en lugar de "paxaro".
 - » Definicións funcionais, como dicir "para peitear" en lugar de "peite".
 - » Abuso de deicticos: "estes", "iso", "alí", etc.
- » Dificultade para comprender explicacións orais.
- » Dificultade na comprensión de termos polisémicos e sinónimos.

A nivel morfosintáctico:

- » Presentan una sintaxe complexa inmadura (alteración na orde das palabras).
- » Uso case exclusivo de frases sinxelas.
- » Dificultade na comprensión/emprego de pronomes persoais e anafóricos.
- » Dificultade co emprego e a comprensión de preposicións e conxuncións.
- » Dificultade coa conxugación verbal.
- » Emprego de sobrerregularizacións (aplicación de regras gramaticais regulares a palabras que son excepcións).
- » Erros morfolóxicos como concordancia de xénero ou número.

A nivel pragmático:

- » Pobres habilidades narrativas, presentando narracións pouco organizadas, con escasa información e mínimas referencias persoais. Os seus problemas de recuperación de palabras orixinan unha limitada fluidez. Cústalles explicar experiencias propias e cando o fan as súas explicacións son longas ou con rupturas (umm... ..ehhhk).
- » Limitada comprensión de narracións: teñen dificultade para entender o que se está explicando e para responder a preguntas literais e inferenciais sobre os feitos narrados.
- » Escasa habilidade para iniciar e manter conversacións ou para a toma de quendas nas mesmas.
- » Dificultade para reparar os erros na comunicación.
- » Comprensión literal da linguaxe (por exemplo, pregúntaselle se ten irmáns e reposta que non porque o que ten son irmás).

Dificultades sociais:

Persisten os problemas de relación social derivados das súas dificultades de comprensión social e das súas baixas habilidades pragmáticas.

Dificultades de comprensión social:

- » Non comprenden e non etiquetan os estados emocionais e mentais do outro.
- » Non comprenden as intencións dos demais.
- » Non comprenden os xogos e normas sociais implícitas.

Dificultades pragmáticas:

- » Teñen problemas para iniciar interaccións sociais ou xogos regulados pola linguaxe.
- » Dificultade para comprender verbos mentalistas como adiviñar, recordar, imaxinar, crer, esquecer, etc.
- » Dificultade na comprensión da linguaxe metafórica, comprensión de indirectas, comprensión da entoación, etc.

Dificultades de lectura e escritura:

Malia que hai alumnos con TEL cun rendemento medio en lectura e escritura, o certo é que o alumnado con TEL adoita ter moitas dificultades para a aprendizaxe da lectoescritura, entre as que podemos citar as seguintes:

- ★ Dificultades para recordar o alfabeto.
- ★ Podemos ver erros de lectura e escritura como:
 - » Cambia a orde das letras-sílabas dentro das palabras (inversión).
 - » Omite ou engade letras, sílabas ou palabras (omisións e adicións).
 - » Confunde letras simétricas “en espello” (rotacións).
 - » Cambia letras por outras (substitucións).
 - » Une e separa palabras de forma inadecuada (unións e fragmentacións)
 - » Inventa palabras ao ler (lexicalizacións).
 - » Ten unha baixa ou nula comprensión lectora.

- ★ Lectura lenta con vacilacións, rectificacións, silabeos e perda de liña.
- ★ Rexeitamento a tarefas escolares que impliquen lectura e escritura.
- ★ Comete un número elevado de faltas de ortografía natural.
- ★ Cústalle integrar as regras ortográficas traballadas en clase.
- ★ Presenta dificultades á hora de realizar un ditado (non segue, pérdese, etc.).
- ★ Comete un número elevado de erros nos copiados.
- ★ Dificultades significativas na calidade do grafismo e a organización do espacio.
- ★ Maior dificultade para a aprendizaxe de linguas (castelán/galego, inglés...).

Dificultades coas matemáticas e a comprensión do tempo:

- ★ Dificultade co cálculo mental.
- ★ Dificultade persistente na interpretación e o uso de símbolos e conceptos matemáticos.
- ★ Dificultade na asociación número-cantidade.
- ★ Dificultade na aprendizaxe dos algoritmos da suma e da resta.
- ★ Dificultade coas táboas de multiplicar.
- ★ Dificultade significativa na resolución dos problemas, en moitas ocasións pola falta de comprensión do seu enunciado.
- ★ Dificultade para integrar o concepto de temporalidade (días, meses, horas, datas, estacións do ano).
- ★ Confusión significativa no vocabulario e nos conceptos temporais (hoxe, mañá, antes, despois, agora, logo, primeiro, segundo...).
- ★ Confusión frecuente no vocabulario e no concepto vinculado coa orientación espacial (dereita, esquerda, arriba, abaixo).



Dificultades en aspectos como a memoria, atención e concentración, percepción, orientación e secuenciación:

- ★ Problemas para organizar e ordenar o seu material, para comprender o horario, para usar a axenda, para lembrar o que debe de levar a casa, etc.
- ★ Presenta dificultades á hora de copiar do encerado.
- ★ Baixa memoria para datos, instrucións, mensaxes, recados, etc.
- ★ Presenta dificultade para recordar o aprendido o día anterior.
- ★ Presenta problemas para recordar información recibida a través da lectura.
- ★ Boa memoria a longo prazo (caras, experiencias, lugares, etc.).
- ★ Perde as súas cousas con facilidade.
- ★ Presenta dificultades co ritmo (poesía, música, etc.).
- ★ Presenta moitas dificultades de atención en tarefas de lectura, escritura e noutras con grande carga verbal, como as explicacións orais.

Outras dificultades derivadas da súa baixa autoestima, frustración, etc.:

- ★ Pode presentar frecuentes dores de barriga e/ou de cabeza.
- ★ En ocasións presenta problemas de enuresis e/ou encoprese.
- ★ Pode presentar problemas emocionais asociados como ansiedade, depresión, trastornos de alimentación, trastornos do sono.
- ★ Pode haber problemas de conduta.

2.3

Características do alumnado con TEL nos cursos medios e finais de educación primaria (8-11 anos):

Nesta etapa pode haber alumnos con TEL que xa falen e se comuniquen cunha linguaxe formal máis ou menos elaborada, o que mesmo puidera facer pensar nunha posible superación dos problemas. Por desgraza, a realidade é diferente. Nestas idades hai que ter moito coidado para non quitar apoios ao alumnado con TEL de forma prematura.

O TEL é un trastorno persistente que acompaña a persoa ao longo de toda a súa traxectoria vital e evolutiva. Nesta etapa os alumnos con TEL poden ter mellorado nalgún dos seus problemas, pero van seguir tendo grandes dificultades na súa linguaxe.

A nivel comprensivo van persistir as dificultades para a comprensión inferencial da linguaxe, os dobres sentidos, as metáforas, etc.

A nivel expresivo persistirán as dificultades para o discurso narrativo e conversacional, coa conseguinte repercusión nunhas relacións sociais cada vez máis baseadas na linguaxe e menos no xogo.

Se temos en conta que nesta etapa as materias van ter cada vez máis carga verbal, a adquisición das aprendizaxes pódeseelles facer cada vez máis complexa.

A continuación descríbense as características do alumnado con TEL nos cursos medios e superiores da etapa de educación primaria. Pola heteroxeneidade dos TEL, tanto nos perfís lingüísticos dos afectados coma nos graos de gravidade dos trastornos, as características descritas poden non atoparse aínda en alumnos cunha afectación maior, que manterían as características do alumnado con TEL descritas nas etapas anteriores.

Dificultades da linguaxe:

A nivel léxico-semántico:

- ★ Persiste a súa dificultade para a aprendizaxe de novo vocabulario sobre todo cando:
 - » Debe extraer o seu significado a través do contexto lingüístico no que se presenta a palabra (análise gramatical).
 - » Cando teñen que almacenar gran cantidade de información na súa memoria de traballo, por exemplo: extraer o significado da palabra 'magma' a partir da explicación oral do funcionamento un volcán.
 - » Cando as palabras son fonoloxicamente complexas, como palabras polisilábicas.

★ **Persisten dificultades na evocación de palabras, polo que veremos:**

- » Un discurso entrecortado pola falta de recuperación do léxico.
- » Emprego de xestos para substituír o termo.
- » Abuso de etiquetas xenéricas e muletiñas.
- » Abuso de circunloquios.
- » Escaso emprego de preposicións, conxuncións, adverbios.

★ **Dificultade para relacionar significados.**

★ **Presentan dificultade coa comprensión inferencial da linguaxe oral.**

★ **Dificultade co emprego e comprensión da homonimia e a polisemia.**

A nivel pragmático:

★ **Dificultade co discurso narrativo e conversacional:**

- » Escasa elaboración de de narracións, falta de cohesión e coherencia:
 - » Relatan os episodios de forma incompleta.
 - » A súa narración aparece con rupturas de fluidez, cun maior número de pausas nas oracións e entre as oracións.
 - » Nas súas narracións empregan case sempre estruturas simples.
 - » Ausencia de elementos que sitúan e introducen a narración, por exemplo: o emprego de termos coma onte, o sábado... (déficit comunicación referencial).
 - » Ausencia ou erro no emprego de marcadores referenciais como pronomes.
 - » Teñen dificultade para identificar as necesidades do oínte, polo que omiten información necesaria ou aportan excesiva información, o que dificulta a comprensión da súa mensaxe por parte do oínte. Conta cousas que os demais xa coñecen.

» **Baixo nivel de comprensión do discurso narrativo:**

- » Rendemento máis baixo no plano da comprensión literal das narracións.
- » Non realizan inferencias sobre o narrado. Teñen dificultade para responder a preguntas inferenciais.

» **Baixas competencias conversacionais:**

- » Dificultade coa toma de quendas conversacionais: uso da vez conversacional por defecto ou exceso, inseguridade para iniciar quenda por falta de comprensión de claves sociais.
- » Respostas incoherentes ou inapropiadas.
- » Respostas confusas ou con problemas de estrutura gramatical.
- » Presenza de comentarios estereotipados, é dicir, empregan as mesmas preguntas ou os mesmos comentarios para iniciar conversación ou interacción social.
- » Escasa participación en conversacións grupais, por dificultade para a toma de quendas, comprensión do tema, etc.
- » Emprego de temas de conversación recorrentes pola falta de dominio lingüístico noutros temas.
- » Dificultade para comprender os fallos na comunicación e dificultade para reformular os seus enunciados para tratar de reparar malentendidos.

★ **Dificultade na comprensión social da linguaxe:**

- » Pobre comprensión da linguaxe metafórica, as indirectas, ironías, bromas, mentiras, os dobres sentidos, etc.



Dificultades sociais:

- ★ Dificultade para participar en xogos colectivos regrados.
- ★ Dificultade para iniciar interaccións sociais a través da linguaxe.

Dificultades de lectura e escritura:

- ★ Baixo nivel lector, cunha lectura lenta e laboriosa.
- ★ A súa lectura pode presentar repeticións, rectificacións e vacilacións.
- ★ Baixa comprensión lectora: teñen dificultade coa comprensión dos textos, moitas veces porque non comprenden o seu vocabulario.
- ★ Polas súas escasas habilidades narrativas teñen dificultade para a redacción de composicións escritas.
- ★ Elevado número de faltas de ortografía arbitraria e/ou regrada.
- ★ Cústalle integrar as regras ortográficas traballadas.
- ★ Comete un número elevado de erros de sintaxe escrita que son un reflexo dos erros presentes na linguaxe oral.
- ★ Presenta dificultade á hora de identificar elementos morfosintácticos.
- ★ Presenta dificultade á hora de realizar un ditado (non segue, pérdese, etc.).
- ★ Presenta dificultade á hora de tomar apuntes.
- ★ Presenta problemas na calidade do grafismo e a organización do espazo.

Dificultades noutras áreas curriculares:

- ★ Dificultade coa aprendizaxe dunha segunda ou terceira lingua.
- ★ Na área matemática encontraremos:
 - » Dificultade para a comprensión de problemas matemáticos.
 - » Baixo razoamento matemático.
 - » Dificultade coa aprendizaxe de novos conceptos matemáticos.
- ★ Dificultade para relacionar conceptos na área de ciencias.
- ★ Dificultade para a aplicación de aprendizaxes.

Dificultades derivadas da afectación en aspectos cognitivos como a memoria, atención e concentración, percepción, orientación, secuenciación:

- ★ Dificultade co manexo autónomo da axenda: non anotan os deberes, exames, traballos, etc.
- ★ Baixa autonomía na organización do material: problemas á hora de preparar a mochila para as materias do día, á hora de organizar todo o material escolar necesario para o día, á hora de organizar o seu pupitre, etc.
- ★ Dificultade para realizar os exames en tempo e forma.
- ★ O seu ritmo de traballo é máis lento.
- ★ Cústalles moito seguir instrucións complexas dadas ao grupo.

3.

Pautas para a estimulación do alumnado con TEL.

O TEL é un trastorno moi heteroxéneo que evoluciona co tempo, polo que non é posible definir unhas pautas de actuación únicas que sexan válidas para todos os afectados e en todos os momentos do seu desenvolvemento.

As mellores estratexias para estimular a linguaxe e as habilidades sociais dun alumno con TEL serán as que nos funcionen ben con ese alumno nun momento determinado.

De entre as pautas de actuación que se propoñen a continuación, as familias, profesionais educativos e terapeutas, deberán decidir sobre as que favorecen a estimulación da linguaxe e as habilidades sociais do neno na escola.

Notas

3.1

Pautas de actuación na aula do segundo ciclo de educación infantil (3-5 anos).

Pautas xerais na aula:

- ★ Empregar apoios visuais para compensar as súas dificultades de comprensión.
 - » Utilizar apoios visuais para marcar a rutina da aula ou da tarefa ata que o neno a interiorice.
 - » Reforzar a mesa de traballo con tarxetas visuais (por exemplo, un pictograma que recorde que hai que estar sentado, un debuxo cunha man levantada para pedir a vez, pictogramas que reflectan os pasos a realizar nunha tarefa).
 - » Utilizar reforzos visuais e/ou auditivos para a aprendizaxe de novo vocabulario.
 - » Utilizar calendarios con apoios visuais de cores e fotografías significativas do neno ata que interiorice os días de la semana ou os meses.
 - » Traballar novos conceptos con esquemas visuais, mapas conceptuais e murais interactivos e/ou manipulativos como método de estimulación, evitando a sobrecarga visual, retirando os que xa non se empregan.
 - » Anticipar información sinxela, estruturada e con apoios visuais ante calquera actividade escolar fóra da rutina habitual.
- ★ Situar o alumno con TEL nun lugar en que manteña contacto ocular continuo co profesor e lle permita contemplar toda a aula. É a través da "vista" como moitos nenos con TEL comprenden e se comunican coa súa contorna. Conseguiremos que se comunique con nos mediante a comunicación non verbal e evitaremos que se xire ou se levante para tentar comprender.
- ★ Reforzar as áreas nas que eles se sintan cómodos e potencialas ao máximo.
 - » Adaptar a nosa linguaxe:
 - » Falarlle máis amodo do habitual, sen romper a entoación e prosodia natural.
 - » Utilizar frases sinxelas adaptadas ao seu nivel de produción e comprensión da linguaxe.
 - » Evitar enunciados interrompidos ou desordenados.
 - » Apoiar a nosa linguaxe con xestos naturais que favorezan a comprensión da mensaxe (sinalar ao que nos referimos, refregar as mans se estamos dando a orde de lavar as mans, etc).
 - » Evitar o uso de preguntas directas (*¿Que é isto?, ¿que queres?*). Empregar preguntas de alternativa forzada (*¿Que é, un coche ou un avión?, ¿Que queres, lapis ou rotulador?*). Apoiarnos con xestos para favorecer a comprensión, como pode ser mostrar ambos obxectos, sinalalos, etc.
 - » Evitar a linguaxe indirecta. Por exemplo: facer explícito na nosa linguaxe que nos estamos dirixindo a eles "*Xoan, imos á alfombra*" en vez de "*todos á alfombra*".
 - » Non darlle ao neno máis dunha instrución á vez.
 - » Non corrixirle de forma directa (*" así non se di"*).
 - » Non esixirle respostas nin o uso da linguaxe, senón utilizar estratexias funcionais que nos axuden a que o neno desenvolva a linguaxe nas actividades escolares (ver pautas estimulación da linguaxe).

Pautas específicas para favorecer o desenvolvemento da linguaxe dentro da aula:

- ★ Aplicación de estratexias que nos permitan desenvolver a linguaxe do alumno na aula:
 - » Empregar a técnica da expansión, da extensión e da incorporación. A partir das emisións do neno, o adulto fai un comentario que repite o enunciado do neno pero engadindo modificacións sobre os erros, ampliando a súa extensión ou incorporando o enunciado infantil a un enunciado adulto máis complexo. Por exemplo:
 - » *Neno: " pinta pincel"*
 - » *Adulto: "vale (pausa longa) co pincel" , " pinto co pincel"*
 - » Empregar a imitación ou modelado. Normalmente emprégase en situacións de interese para o neno e trátase de ofrecerlle modelos que poida imitar, como un modelo de pregunta para que pida un xoguete a un compañeiro se vemos que tenta quitarllo.
 - » Imitar os enunciados do neno: repetimos parcial ou exactamente o enunciado do neno para amosarlle que o entendemos e que queremos seguir conversando.
 - » Poñer en dúbida: trátase de que tome conciencia do erro, poñendo en dúbida o que acaba de dicir, provocando así a autocorrección. Por exemplo:
 - » *Adulto: " ¿de verdade que se di Carapuchiña Dermella?"*
 - » Dar respostas falsas e paradoxais tentando que responda á pregunta realizada:
 - » *Adulto: ¿De que cor é o leite?*
 - » *Neno: (non responde)*
 - » *Adulto: ¿dixeches azul?*
- ★ Adaptación de prácticas educativas que permitan desenvolver as baixas competencias na linguaxe dos nenos con TEL:
 - » Asembleas. Permitir o uso de cadernos comunicativos para trasladar información, que concederán ao neno ou nena con TEL a oportunidade de participar activamente nas asembleas. Ou empregar preguntas con alternativa forzada para que poida responder. Apoiar as explicacións con imaxes.
 - » Lectura de contos. Uso de contos con contido lingüístico axeitado ao nivel dos nenos con TEL. Uso de libros con imaxes que representen fielmente o texto que narramos.
 - » Recunchos de xogo. Apoiar a súa participación no xogo mediante a mediación do adulto, podemos indicarlle ao neno que ten que facer, servir de modelo para que nos imite, ensinarlle patróns de xogo para que poida repetilos noutras ocasións cos seus compañeiros. Adaptar algún recuncho da aula ao nivel de xogo do neno con TEL.
 - » Empregar recursos que permitan aos alumnos con TEL trasladarlles ás súas familias o que fixeron no colexio: usar axendas visuais mediante esquemas de debuxos que secuencien a xornada, empregar fotografías do neno participando nas rutinas e ao dorso escribimos información para que a familia teña unha guía para poder apoiar o seu fillo cando conta o que fixo no cole.

Pautas específicas para favorecer a aprendizaxe da lectoescritura:

- ★ Utilizar un sistema fonolóxico para a aprendizaxe da lectura e a escritura, utilizando apoios visuais na súa implementación, como:
 - » Utilizar unha imaxe que represente o son de cada grafía.
 - » Utilizar unha imaxe que represente a forma de cada grafía.

- ★ Traballar a conciencia fonolóxica durante toda a etapa de infantil.
 - » Segmentar palabras en sílabas xogando á pelota, dando palmadas, saltos, colocar un gomet por cada sílaba enriba da imaxe da palabra, etc.
 - » Xogar a palabras que empecen por unha letra/son.
 - » Ao remate da etapa de infantil, xogar a dicir palabras sen o primeiro ou último son.

- ★ Traballar o abecedario de forma multisensorial:
 - » Traballar as letras con plastilina. Con churros de plastilina, dar forma ás letras e despois facerlles pasar a man por enriba da letra, emitindo o son simultaneamente.
 - » Traballar as letras con diferentes texturas (lixa, goma-espuma, madeira, etc.)
 - » Escribir as graffas no chan a gran tamaño e facer o trazo camiñando mentres emitimos o son.

- ★ Pintar co dedo as letras nas costas, na man, no aire e na area, e xogar a adiviñalas.
- ★ Traballar con estímulos de cores (por exemplo: clasificar vogais e consoantes por cores).
- ★ Confeccionar dicionarios personalizados con fotos de obxectos cotiás do neno para favorecer a aprendizaxe do vocabulario.
- ★ Reforzar a motricidade fina.
- ★ Reforzar a motricidade grosa.
- ★ Utilizar para a aprendizaxe rimas, cintas e apoios audiovisuais (pictogramas, xestos, signos que apoiem a evocación das palabras e faciliten o recordo).
- ★ Recomendar á familia llelle ao neno a diario, tendo en conta o seu nivel de comprensión oral á hora de decidir que contos empregar.



Pautas específicas para mellorar as súas habilidades sociais e competencias de xogo:

As aulas de educación infantil ofrecen situacións de xogo e interacción inherentes ao seu propio funcionamento, e son contextos nos que todo o alumnado desenvolve competencias sociais (xogo e habilidades sociais). Porén, os nenos con TEL non o fan, pero poderemos axudalos se tomamos certas medidas como as seguintes:

- ★ Observar a relación do neno ou nena con TEL co resto dos alumnos da aula para poder introduci-lo en grupos de traballo con nenos e nenas afíns, por carácter, por ter os mesmos intereses de xogo, por adaptación do neno ou nena ao alumno con TEL, etc.
- ★ Ofrecer apoios para participación nos recunchos escolares de xogo:
 - » Pautar o xogo: marcar as quendas, porque o neno con TEL no vai negociar coa súa linguaxe quen empeza o xogo; ofrecer guións de xogo *(agora es o cocineiro e podes cocinar salsichas con ovos, logo comémoslos, despois lavamos os pratos)*; ofrecer modelos para desenvolver xogo simbólico *(agora es o cocineiro, preguntalles: que queres comer?)*.
 - » Coordinarse coa familia sobre que xogos hai nos recunchos para que poidan explicar-llos ao seu fillo con TEL.
- ★ Ofrecer apoios nas actividades de gran grupo (conversacións):
 - » Reducir o tempo.
 - » Adaptar contido ao nivel lingüístico do alumno con TEL.
 - » Favorecer a súa participación espontánea: dirixirse ao neno ou nena con TEL solicitándolle algunha achega a través de preguntas de alternativa forzada, realizar preguntas sobre imaxes das que nos axudemos para tratar o tema, repetir o que os seus compañeiros dixeron para facilitar-lle a escoita activa, axudarlle a prestar atención e favorecer a comprensión.



- ★ Ofrecer momentos de xogo no patio, posto que para o neno con TEL adoitan ser momentos difíciles de comprender, polo que podemos encontrarnos:
 - » Un neno con tendencia a xogar só no patio.
 - » Un neno con problemas de interacción: emprego da comunicación non verbal para iniciar a interacción, como pode ser: destruír o xogo dos seus compañeiros, iniciar o xogo golpeando ou empurrando -logrando así que o persigan- e correr.
- ★ Programas de patio.: ofrecer recreos con actividades e xogos dirixidos, porque ao neno con TEL resúltalle máis sinxelo participar en xogos coa guía dun adulto.
- ★ Anticipar na aula a que podemos xogar, co fin de ofrecer un guión de xogo.

Outras:

- » Recomendar á familia un deporte ou unha actividade extraescolar na que eles destaquen ou non teñan moitas dificultades.
- » Utilizar consignas lingüísticas positivas e que impliquen unha acción lúdica (en lugar de *"imos traballar..."*, *"imos divertirnos..."*).
- » Traballar as aprendizaxes a través doutras vías distintas do canal da linguaxe oral: vivenciar conceptos a través de experimentos, utilizar plastilina ou area para aprender formas xeométricas ou os números, etc.

3.2

Pautas de actuación na aula durante os primeiros cursos de educación primaria (6- 8 anos).

Algunhas das pautas de actuación que se propoñen para o alumnado dos primeiros cursos de educación primaria enumeráronse xa no apartado anterior de educación infantil, pero a súa utilización puidera seguir sendo recomendable.

Pautas xerais de aula:

- ★ Empregar apoios visuais para salvar as súas dificultades de comprensión.
 - » Utilizar apoios visuais para marcar a rutina da aula ou da tarefa ata que o neno a interiorice (en nenos cun nivel aceptable de lectura podemos cambiar as imaxes por palabras escritas).
 - » Utilizar reforzos visuais e/ou auditivos para a aprendizaxe de novo vocabulario.
 - » Utilizar calendarios e horarios que favorezan a organización dos nenos con TEL.
 - » Traballar novos conceptos con esquemas visuais, mapas conceptuais e murais interactivos e/ou manipulativos como método de estimulación.
 - » Apoiar as nosas explicacións orais con imaxes, vídeos ou outros recursos audiovisuais.
 - » Apoiar a comprensión dos enunciados e asegurarnos de que os entende: rodea, sinala, une, marca, etc. Convén sinalar a palabra clave para a comprensión. Poñer un exemplo de resolución da tarefa facilita a comprensión do enunciado.
 - » Na aula e na casa, segue sendo conveniente reforzar a mesa de traballo con tarxetas visuais que poidan axudar a traballar ou a recordar un concepto (imaxes que exemplifiquen ou definan os conceptos cos que estamos traballando).

- ★ Favorecer unha aprendizaxe significativa e vivencial a través de proxectos, saídas culturais, proxección de películas, excursións, etc.
- ★ Reforzar as áreas e/ou habilidades en que o alumnado estea cómodo e potencialas ao máximo.
- ★ Utilizar consignas lingüísticas positivas e que impliquen unha acción lúdica (en lugar de "*imos traballar...*", "*imos xogar*").
- ★ Dar unha soa instrución é moito máis efectivo ca ir dando unha orde despois doutra.
- ★ Adecuar a cantidade e o grao de dificultade dos deberes.
- ★ Evitar que o alumno teña que copiar demasiada información do encerado, libro de texto, etc. Liberalo de copiar no caderno enunciados de problemas que xa figuran no libro.

- ★ Evitar realizar ditados excesivamente longos.
- ★ Na aula convén ter expostos murais interactivos e reforzos visuais para favorecer as aprendizaxes, así como materiais relacionados cos seus intereses e motivacións. Débese evitar a sobrecarga visual (só estarán expostos os materiais correspondentes á unidade coa que esteamos traballando).
- ★ Permitirlles o uso de ferramentas compensatorias (gravadora, tablet, ordenador, etc.), así como material manipulativo para traballar conceptos matemáticos (ábaco).
- ★ Acompañar o proceso de aprendizaxe da lóxica matemática con xogos de rol de situacións cotiás (por exemplo tendas) para favorecer a integración destes conceptos: euros, unidades de medida, de peso...
- ★ Ante dificultades de atención e/ou de organización persoal é recomendable:
 - » Traballar cunha axenda e/ou gravadora na que poida ter rexistrados os deberes. É un instrumento moi útil para a coordinación dos profesores coa familia.
 - » Adaptar a súa axenda para que lle sexa máis fácil de escribir (por exemplo, permitirlle ás familias que lle poñan a lista de materias do día seguinte cun oco en branco a carón, para que o alumno só teña que escribir a páxina e o número do exercicio. Permitir que a familia poña un recordatorio con imaxes para que, por exemplo, lembre coller o seu abrigo e paraugas).
 - » Ter á vista un horario visual (cor/imaxe por asignatura).
 - » Para facilitar a organización pódense forrar libros e cadernos asociando unha cor para cada asignatura, mantendo o mesmo código de cores ca no horario.
 - » Ter á vista autoinstrucións de organización persoal (organización do pupitre, preparación da mochila, etc.).

Pautas específicas para lectura e escritura:

Se non se iniciou na aprendizaxe da lectura ou se esta é aínda inmadura, débense seguir as pautas para a lectura relacionadas na etapa de educación infantil. Nos primeiros cursos de primaria pódense seguir as seguintes recomendacións:

- ★ Utilizar un sistema fonolóxico para a aprendizaxe da lectura e escritura. Empregar apoios visuais como por exemplo asociar unha imaxe a cada grafía.
- ★ Continuar reforzando as habilidades de conciencia fonolóxica como base importante para a aprendizaxe da lectura.
- ★ Elaborar dicionarios visuais personalizados para traballar a ortografía arbitraria.
- ★ Elaborar dicionarios personalizados de enriquecemento de vocabulario como base para a comprensión lectora. Débese elaborar un dicionario da lectura inicial de cada tema do libro de texto, que traballaremos previamente co alumno para facilitar logo a comprensión lectora dos textos da unidade.
- ★ Con respecto aos traballos de expresión escrita:
 - » Realizar ditados preparados.
 - » Dar máis importancia ao contido que á forma (ortografía, estruturación sintáctica, etc.).
 - » Valorar a súa expresión escrita en función do seu nivel de linguaxe oral.
 - » Corrixir só as faltas de ortografía que fagan referencia á regra ortográfica que se estea traballando nese momento, ou ben outras previamente pactadas co alumno.
 - » Non copiar de novo un ditado por ter realizado un número elevado de erros ortográficos, dado que a copia sistemática de palabras non beneficia a integración da ortografía.
 - » Reducir a cantidade de texto a copiar.
- ★ Se o neno presenta problemas de lectura débese respectar a súa vontade se non quere ler en voz alta. Tentar que o neno se anime a facelo, por exemplo entregando á súa familia con antelación os textos que logo tería que ler ante os seus compañeiros.
- ★ Simplificar os enunciados dos exercicios para favorecer a súa comprensión.

Pautas específicas área matemática:

- ★ Realizar un diccionario matemático onde amosaremos ao neno equivalencias visuais dos símbolos e conceptos con verbos de uso habitual.

Por exemplo: sumar – poñer; restar – quitar.

- ★ Establecer equivalencias de termos matemáticos que signifiquen o mesmo co mesmo vocábulo de uso habitual.

*Por exemplo: Máis alto / Máis grande
Maior – grande.*

- ★ Simplificar os enunciados dos problemas eliminando información innecesaria para a súa resolución, empregando frases sinxelas na súa formulación, utilizando unha pregunta para unha resposta, etc.
- ★ Facilitar cadros para a resolución de cada problema que lle permitan ao neno organizar a información.

Técnicas de estudio:

O alumno debe de empezar a elixir os métodos de estudo que se adaptan mellor ao seu estilo de aprendizaxe. Débense ensinar técnicas de estudo na aula. As seguintes estratexias pódense adaptar a calquera alumno, independentemente da súa idade ou curso:

- ★ Identificar e subliñar palabras clave nun enunciado ou nun texto.
- ★ Proporcionar ao alumno resumos dos textos con cores e imaxes a fin de reforzar conceptos claves e estimular a memoria.
- ★ Presentarlle mapas conceptuais, elaborados a man ou con ordenador, apoiándonos en imaxes que favorezan o seu recordo e integren conceptos.
- ★ Empregar co alumno mapas mentais, esquemas de chaves con apoios visuais.
- ★ Fichas de estudo (pregunta diante/resposta detrás, ou preguntas e respostas en fichas separadas para xogar ao “memory”).
- ★ Nos textos, adxuntar no inicio de cada nova lección “post-its” co vocabulario novo que vai ser imprescindible para a comprensión de dita lección.
- ★ Elaboración de “plannings” de estudo (tempo dedicado a cada materia ao longo dunha semana).

Notas

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Pautas xerais para favorecer o seu desenvolvemento social:

A estas idades as relacións sociais do alumno con TEL comezan a ser máis complicadas (xogos en equipo, maior complexidade nas normas dos xogos) polo que é fundamental apoialo tamén nesta faceta do seu desenvolvemento.

- ★ Continuar estimulando o desenvolvemento de competencias narrativas e conversacionais.
- ★ Programas de enriquecemento das súas habilidades sociais. Realizar grupos de habilidades sociais na escola:
 - » Desenvolvemento de competencias de xogos e sociabilidade.
 - » Axudalo a entender as normas cada vez máis complexas dos xogos:
 - » Ensinarlle os xogos de regras.
 - » Ensinarlle e/ou comunicarlle á familia cales son os xogos de moda no colexio.
 - » Ensinarlle xogos cooperativos-competitivos.
 - » Ensinarlle explicitamente as normas dos deportes.
 - » Ensinalo a controlar o tempo de xogo.
 - » Axudalo a mellorar a súa inflexibilidade derivada da súa comprensión literal da linguaxe.
 - » Desenvolvemento de competencias da linguaxe e a comunicación propias da etapa:
 - » Desenvolver programas de habilidades conversacionais na aula.
 - » Aproveitar as rutinas da aula, explicacións, tarefas de gran grupo, para que o alumno con TEL desenvolva as súas competencias conversacionais.
 - » Axudalo a pedir aclaracións cando non comprende.
 - » Axudalo a respectar as quendas da conversa.
 - » Axudalo a decatarse de cando os demais non o están entendendo, e ensinalo a reformular os seus enunciados para conseguir que o fagan.
 - » Desenvolver programas de habilidades sociais co grupo, tendo en conta as dificultades concretas do neno ou nena con TEL dentro da aula.
- ★ Educar na diversidade: nesta etapa xa se pode explicar aos demais alumnos o problema que ten o seu compañeiro para expresarse e entender o que lle din. O momento e a forma de facelo deberá consensuarse entre educadores e familia.

3.3

Pautas de actuación na aula durante os cursos medios e finais de educación primaria (8-11 anos).

Pautas xerais da aula:

- ★ Sentar o alumno en primeira fila, cerca do profesor, evitando estímulos distractores.
- ★ Asegurarnos de que o alumno comprende as explicacións, as tarefas ou as preguntas dos exames. Non abonda con preguntarlle entendeu, porque pode responder que si aínda que non o fixera. Podemos pedirlle que nos diga o que ten que facer, facerlle preguntas sobre o que explicamos, que nos indique que debe de responder ás preguntas, etc.
- ★ Procurar que os exames sexan nas tres primeiras horas do día. O seu rendemento descende cara as últimas horas do día polo esforzo extra que deben realizar.
- ★ Reforzalo positivamente sobre o seu esforzo e darlle a seguridade de que lle vai saír ben.
- ★ Empregar apoios visuais para salvar as súas dificultades de comprensión e organización. Xa poderemos empregar palabras escritas, en lugar de imaxes e pictogramas
 - » Guías de autoinstrucións de organización persoal, de tarefas, exames, etc.
 - » Empregar un lugar do encerado para anotar os deberes, e que estea presente durante toda a xornada para que o alumno con TEL poida completar a súa axenda ao remate da clase ou ao final da mañá.
 - » Empregar calendarios na aula coas datas dos exames e de entrega de traballos.
 - » Tentar que os exames queden espaciados no tempo, e evitar que coincidan dous no mesmo día.
 - » Axeitar o volume de deberes ás capacidades dos alumnos. Para favorecer a coordinación do profesorado pódense rexistrar os deberes dos distintos profesores nun lugar común, como pode ser unha folla diaria de rexistro como a seguinte:

<i>Materia</i>	Exercicio/deberes nome alumno (indicar número apropiado para dito alumno ao día)
<i>Lingua castelá</i>	Un exercicio (nº 3 pax 115)
<i>Coñecemento do medio</i>	Dous exercicios (nº1 e 2 pax 56)

Nota: Ao final do día o último profesor saberá que carga de traballo ten o alumno e adecuará os deberes da súa materia.

- ★ Deberes con actividades imprescindibles para garantir a aprendizaxe, evitando actividades repetidas e/ou complementarias.
- ★ Pautas xerais que favorezan a organización autónoma:
 - » Forrar os libros con forro da mesma cor cá dos cadernos para facilitar a súa busca.
 - » Empregar separadores de páxinas para favorecer que atope a páxina do tema con facilidade.
 - » Respetar o seu ritmo á hora de anotar na axenda, sacar os materiais, etc (permitir que o axude un compañeiro).
 - » Adaptar a súa axenda: permitir ás familias que lle escriban a lista de materias do día seguinte cun oco en branco a carón para que o alumno só teña que escribir a páxina e o número de exercicio. Permitir que a familia escriba un recordatorio con imaxes, por exemplo: coller o abrigo e o paraugas.

Pautas específicas de lectura e escritura:

- ★ Evitar que teña que copiar no caderno información innecesaria de libros de texto (enunciados de exercicios, etc).
- ★ Utilizar marcadores de páxina para que poida acceder rapidamente á páxina do caderno na que ten que escribir.
- ★ Permitir a entrega de traballos feitos en ordenador.
- ★ Elaborar dicionarios visuais personalizados para traballar a ortografía arbitraria.
- ★ Elaborar dicionarios personalizados de enriquecemento de vocabulario para materias de lingua castelá, lingua galega ou lingua inglesa.
- ★ Pautas para favorecer a comprensión lectora:
 - » Ofrecer textos para ler equilibrados en tamaño e complexidade. Ofrecer ao alumno textos con vocabulario habitual ou que partan de vocabulario coñecido para el.
 - » Dedicar un tempo para falar do tema antes de que o lean. Ofrecerlle un resumo (ter información previa favorece a comprensión). Coordinarse coa familia para que poida traballar na casa os textos que se van ler na aula.
 - » Se o texto presenta diálogos subliñar dunha cor diferente o diálogo de cada personaxe, ou colocar un pictograma ao inicio do diálogo.
- ★ Pautas respecto dos libros de lectura obrigatorios e os exames dos mesmos:
 - » Reducir a cantidade de libros a ler por trimestre.
 - » Adecuar os libros ao seu nivel lector.
 - » Facilitar a lectura dos libros obrigatorios:

- » Aos nenos con TEL axúdaos dispoñer dunha base que comprenden sobre a que ir fixando contidos do, para iso podemos:
 - » Anticipar resumos ou esquemas de contido por capítulos.
 - » Proporcionarlles un esquema de cada capítulo.
 - » Entregarlles un guiión dos acontecementos que van ser narrados.
- » Facilitar outras maneiras de ler un libro:
 - » Libros sonoros.
 - » Empregar películas que recollan a idea do libro, por exemplo, ler Charlie e a fábrica de Chocolate despois de ver a película.
- » Avaliar a través da elaboración de traballos previamente estruturados ou da entrega dos resumos por capítulos.
- » Adaptación de exames: Permitir que o alumno poida ter acceso ao libro de lectura, así como ao material que previamente se lle facilitara ou que el mesmo elaborara.

Pautas específicas para tipo e forma de exames.

- ★ Evitar que o exame teña todo o peso da nota final.
- ★ Formas de presentar as preguntas:
 - » Realizar preguntas pechadas en vez de abertas.
 - » Empregar preguntas que impliquen respostas de clasificar palabras.
 - » Encher con verdadeiro/falso (usar frases simples para expresar a idea. Evitar frases demasiado complexas, así como aquelas frases nas que o alumno ou alumna deba realizar unha inferencia á hora de comprender a nosa formulación)
 - » Realizar preguntas que poidan responderse cunha ou dúas palabras, en lugar de preguntas que esixen redactar frases longas ou pequenos textos. Os alumnos con TEL presentan dificultades para organizar ideas e planificar o que deben escribir, así como para escribir frases gramaticalmente correctas.
 - » Actividades de relacionar con apoios de imaxes.
 - » Ofrecerlles un exemplo de resposta.
 - » Proporcionar unha pauta visual que o axude a contextualizar o que se lle está preguntando e que, ao tempo, favoreza a memoria visual.
 - » Empregar exames tipo test se o alumno presenta un nivel aceptable de lectura, e adecuar as preguntas ao seu nivel de comprensión lectora (por exemplo: evitar frases con dobre negativa, etc.)
 - » Cando deba redactar características ou grupos, facilitarlle cadros en que deba encher cunha palabra ou poñer guiións segundo o número de características ou grupos que deba recordar.
 - » Apoiar o material escrito dos exames con gráficos ou imaxes.
 - » Destacar as palabras claves dos enunciados, presentar unha demanda por pregunta. Por exemplo: “CLASIFICA en esdrúxulas e graves”.

- » Usar unha letra de tamaño máis grande.
- » Aumentar o interliñado para favorecer unha presentación clara e limpa.
- » Establecer a orde das preguntas de maior a menor complexidade.
- » Comentar co alumno a soas as preguntas para facer unha avaliación real dos seus coñecementos.
- » Lerlle os enunciados máis complexos para garantir que os comprendera, e asegurarse de que entendeu o que se lle pide.

Adaptacións específicas para exames de matemáticas:

- » Cando non esteamos avaliando o cálculo mental ou o coñecemento das operacións aritméticas, permitirlle o uso de calculadora.
- » O alumno pode non recordar as fórmulas, pero pode saber como aplicalas para a resolución dun problema, polo que debe permitirse que as teña á vista, tanto en clase coma nos exames.
- » Para cada problema do exame pode facilitárselle un cadro que lle permita organizar a información que vai precisar para resolvelo.

Pautas xerais para favorecer o seu desenvolvemento social

Nos últimos cursos de educación primaria, cando os nenos con TEL xa aprenderon as regras dos xogos colectivos, volven quedar descolgados porque lles custa narrar historias ou manter conversas cos seus iguais.

- ★ Continuar con programas de habilidades sociais ue teñan en conta as áreas nas que o alumnado con TEL presenta máis dificultades, e ofrecerlle axudas ou contextos de estimulación:
 - » Xogos e sociabilidade:
 - » Mellorar a súa flexibilidade relacionada coa súa dificultade de comprensión da linguaxe.
 - » Mellorar a súa comprensión de normas: sociais, de xogo, do centro, etc.
 - » Linguaxe e comunicación:
 - » Poñer en práctica na aula habilidades conversacionais con tarefas como “a noticia do día” que os alumnos deben explicar aos seus compañeros.
 - » Realizar tarefas de diálogo: ensinalo a identificar os intereses dos demais para poder falar diso; ofrecerlle preguntas para facilitar que poida iniciar unha conversación.
 - » Habilidades socioemocionais:
 - » Resolver situacións sociais frustradas: axudalo a comprender, ofrecerlle axudas para resolver con éxito o problema, etc.
- ★ Trasladarlle á familia cales son as dificultades sociais existentes, problemas ou situacións sociais recorrentes nas que o alumno fracasa, para poder traballalas na casa.



- ★ Todas as estratexias e pautas de actuación ás que nos referimos en apartados anteriores úsanse no marco das denominadas **medidas ordinarias de atención á diversidade**, que facilitan a adecuación do currículo prescritivo ás necesidades dos alumnos sen que supoñan unha alteración significativa dos seus obxectivos, contidos ou criterios de avaliación.

Unha das medidas ordinarias que prevé a normativa é o reforzo educativo (RE), que é unha adaptación curricular non significativa porque non implica modificar os contidos curriculares da materia. No boletín de notas os reforzos constan marcados como RE, pero non teñen ningunha repercusión sobre a promoción de curso ou sobre a titulación.

- ★ Cando as medidas ordinarias non resultan abondo para que o alumno acadе os obxectivos básicos, poderían poñerse en práctica **medidas extraordinarias de atención á diversidade**.

As medidas extraordinarias requiren previa autorización do centro e da administración educativa, e poden supoñer modificacións significativas do currículo ordinario.

Unha das medidas extraordinarias previstas na normativa é a adaptación curricular (AC), que se aplica ao alumnado cun desfase curricular igual ou superior a dous cursos académicos.

A diferenza do reforzo educativo, na adaptación curricular modifícanse apartados do currículo oficial. No boletín de notas figurará unha AC nas materias que teñan adaptación. Aínda que non ten repercusión sobre a promoción de curso, si ten importantes repercusións sobre a titulación, porque os alumnos con adaptacións curriculares non poden obter o título da educación secundaria obrigatoria (ESO). É algo que hai que ter moi en conta á hora de aprobar unha adaptación curricular.

Outras medidas extraordinarias de atención á diversidade son o apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica (PT) e/ou en Audición e Linguaxe (AL) ou a flexibilización da duración do período de escolarización.

Notas

A series of horizontal dotted lines for writing notes, organized into two columns.

Notas

A series of horizontal dotted lines for writing notes, organized into two columns.



Fontes bibliográficas:

- ★ Monfort, M., Juárez, A. e Monfort, I. (2004). Niños con Trastornos Pragmáticos del Lenguaje y la Comunicación. Descripción e Intervención. Madrid: Entha Ediciones.
- ★ Mendoza, E. (2012). La investigación actual en el Trastorno Específico del Lenguaje. Logopedia, Foniatría y Audiología 32, 75-86.
- ★ Acosta, V., Moreno, A., Axpe, A. e Lorenzo, M. (2010). Apoyo al desarrollo de habilidades narrativas con trastorno específico del lenguaje dentro de contextos inclusivos. Logopedia, Foniatría y Audiología 30(4):196- 205.
- ★ Acosta, V. e Moreno, A (2007). Guía de actuaciones adecuativas en el ámbito de la comunicación y el lenguaje. Consejería de Educación, Universidades, Cultura y Deportes del Gobierno de Canarias. Dirección general de ordenación e innovación educativa.
- ★ Coloma, C. (2013). Sintaxis compleja y discurso narrativo en escolares con Trastorno Específico del Lenguaje (TEL). Granada: Editorial de la Universidad de Granada.
- ★ Solla, C. (2013). Guía de Buenas Prácticas en Educación Inclusiva. SavetheChildren España.

*Trastorno específico
da linguaxe*

*Guía para a intervención
no ámbito educativo*

Atelga

Asociación **TEL** Galicia

 **CPLG** | Colegio Profesional
de Logopedas de Galicia